

CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A DETERMINACIÓN DO FINANCIAMENTO DESTA ENTIDADE NO MARCO DO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2022- 2026

Santiago de Compostela [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

D. Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 138/2021, do 16 de outubro, e no uso das atribucións que lle confiren os Decretos 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confiren os Decretos 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribucións que lle confiren os Decretos 110/2020, do 6 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e



136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

D. José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte, nomeado mediante o Decreto 158/2018, do 13 de decembro, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

D. Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 5/2020 do 9 de xaneiro, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica de universidades 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e no artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

MANIFESTAN

I. A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, atribúe ás Comunidades Autónomas a aprobación de programas de financiamento plurianual conducentes a contratos programa e a avaliación da calidade das universidades do seu ámbito de responsabilidade.

II. A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, dispón no seu artigo 115 o seguinte:

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia a aprobación do plan de financiamento das universidades públicas do SUG. O plan de financiamento responderá, entre outros, aos principios de estabilidade financeira, suficiencia, eficiencia e equidade institucional e territorial. Nel incluíranse os recursos precisos para converxer coas medias estatais e europeas de servizo público en ensino superior universitario, en porcentaxes de produto interior bruto.



2. No plan de financiamento valoraranse, entre outros aspectos, o grao de cumprimento e a consecución dos obxectivos fixados por cada unha das universidades no proceso de elaboración do devandito plan.

3. As universidades públicas e a consellaría competente en materia de universidades fomentarán e impulsarán medidas e actuacións encamiñadas á captación de recursos económicos externos.

4. Se na data de finalización da vixencia dun plan de financiamento non estivese aprobado un novo plan, prorrogarase a vixencia daquel ata a aprobación e comezo de efectos do novo plan, sempre que así o permitan as disponibilidades orzamentarias da Administración autonómica”.

III. Finalizada a vixencia do Plan de Financiamento do SUG 2016-2020 e, tendo en conta o marco normativo descrito, o plan quedou prorrogado para o exercicio 2021, ao non terse aprobado un novo plan na data de finalización da vixencia do anterior. A Xunta de Galicia, mediante acordo do seu Consello do 16 de decembro de 2021, aprobou o Plan Galego de Financiamento Universitario no que se contempla un horizonte temporal amplo, 2022-2026, de suficiencia e estabilidade financeira, que permitirá ao goberno da Comunidade Autónoma e ás institucións públicas de ensino universitario de Galicia desenvolver de xeito ordenado as súas políticas durante o próximo quinquenio, vinculando para iso os recursos económicos necesarios para a súa execución.

IV. O plan realiza unha diagnose do Sistema universitario de Galicia e un balance de execución do plan precedente, a rendición de contas do SUG, establece os principios, obxectivos, estrutura dos fondos, modelo de cálculo do financiamento e as bases para a execución e seguimento do seu contido. Concíbese como un instrumento de programación plurianual no que se fixan os principais obxectivos a acadar para mellorar a calidade e a eficiencia do ensino universitario en Galicia.

V. Conscientes da importancia de contar cun marco de estabilidade financeira así como da necesidade de executar axeitadamente os contidos do plan para acadar a eficiencia na aplicación dos recursos públicos vinculados ao financiamento



universitario, ambas partes proceden a formalizar o presente convenio, comprometéndose ao cumprimento das determinacións contidas no Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026.

En consecuencia,

ACORDAN

PRIMEIRO. OBXECTO E VIXENCIA

O presente convenio establece os compromisos da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña para o cumprimento das determinacións contidas no Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, en adiante PGFU, e a súa vixencia estenderase dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, abrangendo o período comprendido entre os exercicios económicos 2022 e 2026, ambos inclusive.

SEGUNDO. ACHEGAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os créditos que a Comunidade Autónoma destina ao financiamento do Sistema universitario de Galicia, en adiante SUG, estarán recollidos nos orzamentos xerais de cada exercicio de vixencia do plan, nas partidas orzamentarias vinculadas a cada un dos fondos que integran o mesmo.

As achegas que realizará a Xunta de Galicia nos anos de vixencia do PGFU 2022-2026 á Universidade da Coruña determinaranse segundo os mecanismos definidos no plan e nas contías que se determinen para cada exercicio económico en aplicación das estipulacións nel recollidas.

I.- FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO que comprende seis subfondos: custe estándar, gasto corrente e mantemento de infraestruturas, complementos retributivos e compensación de matrículas, custes asociados ao funcionamento do



SUG, panel de indicadores e plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica.

O reparto dos créditos das partidas orzamentarias a eles asociados realizarase aplicando criterios obxectivos, medibles e homoxéneos, segundo os procedementos definidos no PGFU 2022-2026.

1- *Custe estándar*: destinado a subvencionar gastos correntes asociados á docencia. Repartirase en base ao modelo xa definido no PGFU 2016-2020, baseado na estimación do custe estándar da docencia e das necesidades funcionais, que se calcularán anualmente en base aos datos de cada universidade.

Para realizar o reparto dos créditos deste subfondo consideraranse os datos dos imputs do seguinte xeito:

- considéranse para estes efectos como ano base os datos dos créditos matriculados do curso 2018-2019
- no ano 2022 utilizarase a media dos datos correspondentes aos anos 2018, 2019 e 2020
- nos sucesivos anos de vixencia do plan utilizarase a media dos datos dos créditos matriculados correspondentes aos tres anos correlativos correspondentes.

Unha vez comprobada e validada a información de cada universidade procederase a aplicación da fórmula definida no plan para o reparto da cantidade total prevista a tal fin na correspondente aplicación dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio seguinte. As contías resultantes do reparto serán transferidas mensualmente a cada unha das universidades.

Este subfondo evolucionará segundo a porcentaxe de variación da masa salarial fixada, para cada exercicio, pola lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

No exercicio 2022 asóciase a este subfondo un crédito total de 257.346.862,00 euros, con cargo á partida orzamentaria 10.20.422C.444.0 dos cales, unha vez aplicados os mecanismos descritos no plan, correspóndenlle a cada universidade a seguinte contía:



UDC	71.954.182,60€
USC	104.560.030,00€
UVIGO	80.832.649,40€

Intégranse neste subfondo os créditos destinados ao financiamento das prazas vinculadas do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), en virtude dos vixentes concertos asinados entre este organismo e cada unha das universidades públicas do SUG.

Para o exercicio 2022, o Servizo Galego de Saúde destinará un total de 5.294.969,00 euros, con cargo ás partidas orzamentarias 15.01.412A.444.0, 15.05.412A.444.0, 15.71.412A.444.0 e 36.01.412A.444.0, distribuídos do xeito seguinte:

UDC	965.561,00€
USC	4.228.534,00€
UVIGO	100.874,00€

En anos sucesivos estes créditos experimentarán a variación que corresponda á evolución das retribucións básicas e complementarias do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, forman parte deste subfondo os créditos destinados ao financiamento do custo dos servizos traspasados do INEF-Galicia, actualmente Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña, en cumprimento do Decreto 444/2003, do 18 de decembro.

Para o exercicio 2022, a Secretaría Xeral para o Deporte destinará un crédito total de 3.074.521,00 euros, con cargo á partida orzamentaria 04.40.441A.444.2, correspondendo 1.588.281,00 euros a gastos de persoal e 1.486.240,00 euros a gastos de funcionamento do centro. En anos sucesivos a parte destes recursos destinada aos custes do persoal experimentará a variación que corresponda á evolución das retribucións básicas e complementarias do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma. A parte destinada a gastos asociados ao funcionamento das instalacións transferidas evolucionará aplicando o deflector do PIB.



2- *Gasto corrente e mantemento de infraestruturas*: destinado a subvencionar o custo básico de funcionamento, de mantemento das instalacións e das infraestruturas de cada universidade.

Este subfondo conta, a súa vez con dous compoñentes: gasto corrente e gasto de capital, realizándose o reparto entre as tres universidades aplicando os seguintes criterios e ponderacións:

CRITERIO	PONDERACIÓN
Persoal (PDI+PAS+PEI+PTA)	40%
Alumnado matriculado	30%
Superficie construída (m ²)	30%
Total	100%

Para obter os datos do criterio de superficie construída, a universidade deberá achegar, antes do 1 de setembro de cada ano, certificación do órgano competente.

No ano 2022 dótese este subfondo con 28.387.221,00 euros dos que 20.345.021,00 euros da partida orzamentaria 10.20.422C.444.11 corresponden a gasto corrente e 8.042.200,00 euros da partida 10.20.422C.744.0 a gasto de capital.

Unha vez aplicado o procedemento de cálculo definido no PGFU 2022-2026, resulta o seguinte reparto para o exercicio 2022:

UDC	7.285.049,88€
USC	12.657.316,81€
UVIGO	8.444.854,31€

Nos anos sucesivos de vixencia do plan a evolución das contías deste subfondo vincularase á evolución do deflector do PIB.

3- *Complementos retributivos e compensación por matrículas*: contías derivadas do recoñecemento, por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) dos complementos retributivos autonómicos. Así mesmo, abrangue a compensación pola aplicación dos prezos públicos de matrícula e por bolsas de matrícula concedidas polo ministerio competente en materia de



universidades ao alumnado do SUG, en importe equivalente á diferenza cos prezos públicos da mesma vixentes no SUG para cada curso académico.

No exercicio 2022 destínanse a este fin un total de 18.716.038,00 euros con cargo á partida orzamentaria 10.20.422C.444.1, correspondendo a cada universidade a seguinte contía:

UDC	4.602.602,58€
USC	8.213.703,56€
UVIGO	5.899.731,60€

As contías asociadas a este subfondo corresponderanse co importe certificado polo órgano correspondente de cada universidade antes do 1 de xuño de cada ano, prevéndose o dito importe nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o inmediato exercicio posterior.

4- *Custes asociados ao funcionamento do SUG*: no que se integran as partidas orzamentarias nominativas destinadas a asegurar o normal funcionamento e o cumprimento de obxectivos funcionais de diversas institucións, entre elas, os consellos sociais das tres universidades públicas galegas.

A partida orzamentaria específica para este fin, 10.20.422C.444.4 estará dotada, en cada un dos anos de vixencia do PGFU, con 600.000,00 euros repartidos do seguinte xeito:

Consello Social da UDC	200.000,00€
Consello Social da USC	200.000,00€
Consello Social da UVIGO	200.000,00€

Durante os anos de vixencia do PGFU realizaranse transferencias mensuais a cada universidade pola cantidade correspondente ao seu consello social.

5- *Panel de Indicadores*: para cuxa valoración empregaranse datos medibles e obxectivos, obtidos de fontes contrastadas e accesibles a todas as partes implicadas.



O reparto dos créditos asociados a este subfondo realizarase aplicando os valores obtidos por cada unha das universidades públicas do SUG nos indicadores de resultados recollidos no seguinte panel:

MÓDULO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN INDICADORES	PONDERACIÓN INDICADOR	PONDERACIÓN MÓDULO
Módulo 1 Financiamento global	PAFI1	Recursos públicos captados	1,25	4,75
	PAFI2	Recursos privados captados	1,25	
	PAFI3	Ingresos propios das universidades	1,25	
	PAFI4	Independencia financeira	0,33	
	PAFI5	Endebadamento	0,33	
	PAFI6	Grao de execución do orzamento de gasto	0,33	
Módulo 2 Internacionalización	PAIN1	Posicións destacadas clasificación ARWU	0,25	4,75
	PAIN2	Posicións destacadas clasificación THE	0,33	
	PAIN3	Posicións destacadas clasificación QS	0,33	
	PAIN4	Universidades europeas	0,34	
	PAIN5	Publicacións en colaboración internacional	1	
	PAIN6	Profesorado estranxeiro	0,5	
	PAIN7	Titulacións en inglés	0,25	
	PAIN8	Titulacións conxuntas con universidades estranxeiras	0,25	
	PAIN9	Estudantado estranxeiro egresado (grao)	0,25	
	PAIN10	Estudantado estranxeiro total matriculado en grao e mestrado	1,25	
Módulo 3 Relacións universidade-empresa	PAUE1	Spin-offs	8	25
	PAUE2	Contratos I+D e consultarías	8	
	PAUE3	Prestación de servizos	4	
	PAUE4	Ingresos xerados en I+D	2,5	
	PAUE5	Co-publicacións con empresas	2,5	
Módulo 4 Docencia innovadora	PADI1	Taxa de idoneidade	3	13
	PADI2	Taxa de graduación	3	
	PADI3	Taxa de cambio	3	
	PADI4	Taxa de abandono	2	
	PADI5	Máster de excelencia	2	
Módulo 5 Investigación avanzada	PAIA1	Número de grupos de investigación con axudas vixentes	10	43
	PAIA2	Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais	3	
	PAIA3	Teses defendidas	3	
	PAIA4	Publicacións científicas no primeiro cuartil	3	
	PAIA5	Profesorado que leu a tese no SUG	3,5	
	PAIA6	Produción científica	9,5	
	PAIA7	ERC no SUG	9,5	
	PAIA8	Patentes nacionais	1	
	PAIA9	Extensións PCT	0,5	
Módulo 6 Responsabilidade social	PAIRS1	Ranking UI GreenMetric	0,5	9,5
	PAIRS2	Transparencia universitaria	2,5	
	PAIRS3	Ranking Web de universidades	0,25	
	PAIRS4	Mulleres no PDI	2,25	
	PAIRS5	Estudantado egresado (graos)	2	
	PAIRS6	Transición estudantado grao a máster	2	



Para o cálculo dos resultados obtidos en cada un dos indicadores definidos no PGFU, procederase segundo o procedemento, fonte de obtención de datos, normalización e ponderación establecido para cada un deles, incidindo na homoxeneidade dos datos utilizados.

Durante a vixencia do PGFU este subfondo evolucionará consonte a evolución do PIB real da Comunidade Autónoma para cada ano.

No exercicio 2022 asóciase a este subfondo un crédito de 60.733.681,00 euros (29.724.068,00 euros con cargo á partida orzamentaria 10.20.422C.444.5 e 31.009.613,00 euros que se imputan á partida 10.20.422C.744.1). Unha vez aplicados os mecanismos descritos no plan, corresponderalle a cada universidade a seguinte contía:

UDC	14.182.732,63€
USC	27.159.239,19€
UVIGO	19.391.709,18€

6- *Plan de viabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*: Comprende os créditos vinculados ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos tanto no eido académico, investigador e docente como no eido financeiro, que se concretan nos seguintes criterios de asignación aos que se asocian idénticas contías:

- Optimización da oferta docente.
- Reforzo institucional de centros investigación con recoñecemento da Xunta de Galicia.
- Cumprimento dos obxectivos de resultado financeiro marcados polas leis de estabilidade orzamentaria (equilibrio orzamentario non financeiro).
- Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio.
- Elaboración da contabilidade analítica.
- Publicación da contabilidade analítica.
- Integración no sistema informático e financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia.



Estes criterios de reparto poderán ser obxecto de actualización durante a vixencia do presente Plan de Financiamento.

No ano 2022 dótese este subfondo con 14.286.704,00 euros, con cargo á partida orzamentaria 10.20.422C.744.4, que serán repartidos a partes iguais entre as tres universidades públicas galegas do xeito seguinte:

UDC	4.762.234,67€
USC	4.762.234,67€
UVIGO	4.762.234,66€

Nos seguintes anos de vixencia do plan, as consellerías competentes en cada unha das materias, analizarán o cumprimento ou non cumprimento de cada criterio por parte das universidades, con carácter previo á elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para, no seu caso, incluír as contías resultantes do reparto nos orzamentos do exercicio inmediatamente posterior. Deste xeito, cada institución percibirá o importe correspondente aos criterios nos que acade os obxectivos, que será un terzo da contía asociada a cada criterio. No caso de non acadar o obxectivo nun ou varios os criterios, a contía correspondente ao/s mesmo/s non será obxecto de reparto.

II.- FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN que comprende as contías destinadas ao fomento da I+D+i e a transferencia, distinguindo os seguintes compoñentes:

1- Fomento da I+D+i e a transferencia integrado por contías vinculadas a convocatorias en concorrencia competitiva, convenios para a execución de programas de investigación e transferencia de coñecemento desenvolvidos polas universidades públicas galegas e outros organismos de investigación avanzada, dentro do marco das políticas autonómicas de I+D+i.

No exercicio 2022 vincúlase a esta finalidade un crédito inicial de 62.562.774,00 euros dos cales 21.859.480,00 euros impútanse á partida orzamentaria 10.20.561B.444.0 e 40.703.294,00 euros con cargo á partida 10.20.561B.744.0.



Durante a vixencia do presente plan, os créditos asociados ao Fomento da I+D+i e a transferencia evolucionarán consonte ao índice que resulte de multiplicar por dous o crecemento do PIB nominal da Comunidade Autónoma en cada ano, e os créditos a el asociados distribuiranse preferentemente mediante fórmulas de concorrencia competitiva e convenios.

2- Complementos retributivos estatais: contías derivadas do recoñecemento, por parte da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI), dos sexenios de investigación e transferencia.

No exercicio 2022 destínanse a este fin un total de 12.051.310,00 euros, imputados á partida orzamentaria 10.20.561B.444.1, correspondendo a cada universidade a seguinte contía:

UDC	2.686.582,20€
USC	6.178.826,56€
UVIGO	3.185.900,72€

As contías asociadas a este fin corresponderanse co importe certificado polo órgano correspondente de cada universidade antes do 1 de xuño de cada ano, prevéndose o dito importe nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o inmediato exercicio posterior.

III- INGRESOS Á MARXE DO PGFU que comprende os recursos públicos captados polas universidades públicas do SUG, procedentes da Administración Comunitaria, Estatal, Autonómica ou Local e entidades e organismos delas dependentes ou vinculadas, calquera que sexa a figura xurídica que adopten. O conxunto dos mesmos terán consideración de financiamento universitario.

Para os efectos do cómputo dos recursos mobilizados teranse en conta, ademais dos anteriores, os recursos captados polas tres universidades públicas galegas de entidades do sector privado.



TERCEIRO. ANO BASE

Co fin de equiparar os compoñentes do PGFU 2022-2026 cos integrantes do plan vixente ata o 2021, tomarase como ano base para o cómputo o ano 2021, que se corresponde co curso académico 2020-2021, por reunir o catálogo completo dos datos económicos, académicos, de investigación..., considerados necesarios para determinar os elementos do novo sistema e a súa valoración.

Para os datos dos créditos computables utilizaranse como referencia os correspondentes ao curso 2018-2019.

CUARTO. EVOLUCIÓN DOS FONDOS

Anualmente calcularase o reparto dos fondos integrados no PGFU 2022-2026 en función da aplicación dos datos e resultados de cada institución, de xeito que as contías resultantes integraranse nas partidas correspondentes dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio inmediatamente posterior.

Deste xeito as universidades públicas do SUG coñecerán de antemán tanto as regras de reparto, o que lles permitirá planificar estratexias para orientar os seus esforzos, como a información que será tida en conta para cuantificar o nivel de consecución dos obxectivos.

Os recursos vinculados ao Plan Galego de Financiamento Universitario experimentarán as seguintes evolucións durante os anos de vixencia do mesmo:



MASAS	SUBFONDOS	CRITERIO DE EVOLUCIÓN
FINANCIAMENTO NON CONDICIONADO	1. CUSTE ESTÁNDAR	<i>Masa salarial</i>
	2. SERGAS, INEF persoal	<i>Masa salarial</i>
	3. INEF funcionamento	<i>Deflector PIB</i>
	4. SUBFONDO GASTO CORRENTE EN MANTENIMENTO DE INFRAESTRUTURAS (gasto corrente e gasto de capital)	<i>Deflector PIB</i>
	5. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS (estatais e autonómicos) E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	<i>Complementos vixentes</i>
	6. CUSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	<i>Constante agás ACSUG (masa salarial)</i>
	7. PANEL DE INDICADORES	<i>PIB real</i>
	8. SUBFONDO DE ESTABILIDADE FINANCEIRA, EFICIENCIA E MELLORA ESTRATÉXICA	<i>5% de 1 e 4</i>
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	9. FOMENTO DA I+D+i e a TRANSFERENCIA	<i>Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB</i>
	10. Fondos Europeos	<i>PO FEDER/FSE</i>

Non obstante, no caso de que as previsións de anos anteriores non coincidan cos datos definitivos, para calcular a anualidade seguinte revisaranse os datos utilizados en exercicios anteriores aplicando sobre o dato do ano base (2021) os últimos datos dispoñibles nas fontes oficiais.

En todo caso, durante o período de vixencia do PGFU a variación anual da contía total dos fondos previstos nel estará suxeita á evolución anual do conxunto dos recursos que integran o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia de xeito que, de producirse situacións excepcionais que reduzan significativamente os actuais niveis de recursos provenientes do sistema de financiamento autonómico, tales como modificacións lexislativas que afecten ao propio sistema de financiamento autonómico, eventuais rescates do Estado Español, ou crises financeiras que alteren o actual equilibrio entre o custe do conxunto do PGFU e os orzamentos da Xunta de Galicia, poderán producirse modificacións que garantan o equilibrio e a sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas.

As modificacións que, de ser o caso, foran precisas para levar a efecto o anterior, imputaranse, de modo proporcional, sobre as contías resultantes da aplicación das regras contidas neste plan.



QUINTO. DATOS PARA A DETERMINACIÓN DO REPARTO

Para proceder ao cálculo das contías correspondentes a cada un dos fondos e compoñentes do PGFU 2022-2026, e realizar o consecuente reparto en aplicación dos criterios e indicadores definidos no mesmo, a Xunta de Galicia terá acceso ás aplicacións informáticas e bases de datos das universidades públicas do SUG co obxecto de obter os datos necesarios para realizar os cálculos do reparto dos créditos asociados ao financiamento universitario nos orzamentos anuais da Comunidade Autónoma.

Con este fin, a Universidade da Coruña dispoñerá as medidas necesarias para garantir aos departamentos da Xunta de Galicia competentes en materia de orzamentos e en materia de universidades o acceso á información que sistematicamente require o modelo definido no PGFU 2022-2026. En concreto garantirase o acceso á información relativa á xestión académica, xestión da investigación e xestión económica coa finalidade exclusiva de realizar o cálculo das achegas correspondentes e tendo en conta as determinacións establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A Universidade da Coruña autorizará o acceso ás persoas propostas polos departamentos competentes da Xunta de Galicia, proporcionándolles as claves e contrasinais necesarias a tal fin.

Estes datos serán ademais debidamente validados e certificados por quen corresponda nesa institución e estarán suxeitos, no seu caso, ás comprobacións e auditorías correspondentes que garantan un tratamento homoxéneo por parte das tres universidades públicas do SUG. Para estes efectos, a universidade comprométese a conservar os datos que serviron de base para a realización dos cálculos durante un período mínimo de tres anos.

Así mesmo a Xunta de Galicia solicitará á Universidade da Coruña a remisión de tanta información adicional sexa precisa no seu caso, que deberá ser certificada polo órgano competente desa institución, para a determinación das contías correspondentes á dita universidade.



No caso de que non resulte posible determinar o importe dalgún dos fondos ou compoñentes do plan por causas imputables a unha universidade, asignarase a esta unha contía equivalente ao 90% da percibida no exercicio precedente nese mesmo fondo.

SEXTO. CUSTE MÁXIMO DE PERSOAL

Anualmente, a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia establecerá o límite máximo de custe de persoal, docente e non docente, de cada unha das universidades públicas do SUG.

As universidades estarán obrigadas a non superar o límite establecido legalmente e así o reflectirán nos seus respectivos orzamentos de gastos.

SÉTIMO. RELACIÓNS DE POSTOS DE TRABAJO

A Universidade da Coruña presentará, antes do 31 de xullo de cada ano de vixencia do plan, a relación de postos de traballo, consensuada previamente cos representantes dos traballadores e debidamente valorada para o persoal de todas as categorías da universidade, para os efectos previstos no artigo 81, apartado 4, da Lei orgánica 6/2001, de universidades. Os custes de persoal docente e investigador e de administración e servizos deberán ser autorizados pola Xunta de Galicia, no marco da normativa básica sobre Oferta de Emprego Público. A esta relación acompañarase a previsión das modificacións que vaian facerse efectivas no exercicio orzamentario seguinte.

Os proxectos de disposicións que creen ou modifiquen a estrutura orgánica da universidade ou os cambios das relacións de postos de traballo non derivadas dunha nova estrutura orgánica, incluíndo o seu custe, remitiranse á Consellería de Facenda e Administración Pública para a súa autorización.



OITAVO. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS

O importe correspondente a cada universidade por este concepto resultará das certificacións relativas aos tramos de investigación concedidos ao persoal docente funcionario polo pleno da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) no caso dos sexenios de investigación e transferencia, e ás certificacións do consello social de cada universidade, respecto o dos complementos retributivos autonómicos de recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, á excelencia curricular docente e investigadora e polos cargos de xestión, logo da avaliación pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA).

Con este fin, antes do 31 de maio de cada ano de vixencia do PGFU, as universidades achegarán ao departamento competente en materia de universidades as certificacións relativas aos tramos concedidos pola CNEAI e dos tramos recoñecidos e aboados en cada un dos catro complementos autonómicos, ao persoal docente en activo a data 1 de xaneiro así como tanta documentación lles sexa requirida para a determinación das contías a aboar.

O mesmo procedemento será aplicado no caso de calquera outro complemento individual recoñecido ao persoal das universidades públicas galegas, por vía normativa ou xudicial, aos que se fará fronte cos créditos das partidas orzamentarias vinculadas a tal fin.

NOVENO. COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS

En cumprimento da normativa vixente, a Xunta de Galicia deberá abonar a cada unha das universidades públicas do SUG as contías resultantes da variación dos ingresos de matrícula pola aplicación dos decretos que anualmente fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional para cada curso académico.



Para estes efectos, antes do 31 de maio de cada ano de vixencia do PGFU, as universidades remitirán ao departamento competente en materia de universidades, debidamente certificados, os datos correspondentes ao número de créditos efectivamente formalizados segundo a clasificación contemplada no decreto anual de prezos.

Do mesmo xeito a Xunta de Galicia, en cumprimento da normativa estatal vixente, compensará ás universidades públicas do SUG dos custes de matrícula non cubertos polo ministerio competente en materia de universidades na súa convocatoria anual de bolsas logo da comprobación da documentación achegada por cada institución.

DÉCIMO. CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS DE EQUILIBRIO ORZAMENTARIO

A Universidade da Coruña comprométese a cumprir os obxectivos de equilibrio orzamentario en cada un dos anos de vixencia do PGFU.

Para estes efectos remitirá á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a información sobre a execución do seu orzamento de xeito que permita a súa consolidación co resto do sector público para a verificación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poderá solicitar a información que considere necesaria para efectuar os procesos de agregación ou consolidación contable.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma determinará os modelos e os prazos nos que se remitirá a información sobre a súa actividade económica e orzamentaria para os efectos do cumprimento da normativa comunitaria, estatal ou autonómica.

A falta de remisión da información nos prazos establecidos dará lugar, para a institución afectada, á retención do libramento das contías que lle correspondan do subfondo *Panel de indicadores* e do subfondo *Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*.



A Consellería de Facenda e Administración Pública instrumentará as medidas oportunas para o mellor seguimento deses obxectivos, entre as que figurarán as seguintes:

- Elaboración dun plan sectorial de contabilidade que se adaptará, posteriormente, ao modelo de referencia de contabilidade de custes que desenvolva a comisión creada ao efecto no ámbito estatal.
- Desenvolvemento do control a cargo da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos sinalados na Lei de réxime financeiro e orzamentario.
- Aprobación de instrucións referentes á elaboración, execución e liquidación dos orzamentos.

UNDÉCIMO. PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO

No caso de que o peche do exercicio supoña o incumprimento do obxectivo de equilibrio orzamentario determinará que a universidade afectada presente, perante a Consellería de Facenda e Administración Pública, no primeiro semestre do exercicio inmediato seguinte, un plan económico-financeiro que terá o seguinte contido mínimo:

- a) As causas que orixinan o incumprimento do obxectivo de equilibrio.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos conforme a evolución das masas de financiamento previstas no plan para os primeiros, e do mantemento na natureza e peso dos gastos. Necesariamente estas previsións terán que separar os ingresos non condicionados de carácter finalista e tamén desagregar os gastos estruturais dos que tiveran financiamento afectado.
- c) Unha descrición, cuantificación e calendario de execución das medidas que se inclúen no plan para corrixir a situación de desequilibrio indicando as partidas orzamentarias nas que se contabilizarán.
- d) O escenario de evolución da situación financeira da universidade para acadar o equilibrio orzamentario.

Polo órgano competente da Consellería de Facenda e Administración Pública procederase a avaliación do plan e estableceranse, de ser o caso, as medidas



complementarias que deberá aplicar a universidade para corrixir a situación de desequilibrio e, finalmente, avaliará o prazo necesario para alcanzalo.

O plan económico-financeiro será obxecto de seguimento en cada un dos exercicios nos que resultase de aplicación e deberá ser actualizado como consecuencia da existencia de novas causas que orixinen o incumprimento do plan. Os prazos para a presentación destas actualizacións rematarán no primeiro semestre do exercicio seguinte ao considerado.

A non presentación do plan económico-financeiro ou o incumprimento das especificacións e obxectivos nel previstos, determinarán a retención do 10% dos créditos correspondentes á institución afectada no subfondo *Panel de Indicadores* e no subfondo *Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*.

DUODÉCIMO. LEALDADE INSTITUCIONAL

Durante a vixencia do PGFU 2022-2026 determinarase o impacto, positivo ou negativo, de todas aquelas actuacións que poidan supoñer un maior gasto ou un menor ingreso tanto para as universidades públicas do SUG como para a Xunta de Galicia.

As compensacións que deban facerse, no seu caso, serán obxecto de valoración (determinándose o seu impacto na seguinte anualidade e nas anualidades pendentes do vixente Plan de financiamento á data da sinatura deste convenio), e aumentarán ou minorarán o importe do subfondo *Custe estándar* dos exercicios afectados nos correspondentes importes.

Por outra banda, coa incorporación de recursos adicionais por parte da Xunta de Galicia ás necesidades de financiamento das universidades no marco do presente Plan, garántese a suficiencia financeira das universidades públicas galegas para o cumprimento da totalidade das obrigas legais existentes ata a data de aprobación deste Plan, dando satisfacción á lealdade institucional de orixe, sen prexuízo do indicado nos apartados anteriores.



DÉCIMO TERCEIRO. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Dado que este acordo supón unha derivación e concreción das determinacións establecidas no PGFU 2022-2026 e, tendo en conta os mecanismos de reparto dos fondos a el vinculados, será a propia Comisión de seguimento prevista no PGFU a competente para garantir a correcta execución e seguimento dos acordos que se asinen entre a Xunta de Galicia e cada unha das universidades públicas do SUG con este fin.

A dita comisión estará integrada por un representante de cada unha das universidades públicas do SUG; pola persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; pola persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Consellería de Facenda e Administración Pública; pola persoa titular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, da Consellería de Facenda e Administración Pública; pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte e pola persoa titular do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade.

Cando a natureza dos temas a tratar pola comisión así o aconsellen, poderán asistir ás xuntanzas da mesma, as persoas representantes das entidades contempladas expresamente no plan.

A Comisión rexerase polo disposto na sección 3 do capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sobre órganos colexiados.

En todo caso, e con carácter previo á aprobación dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, reunirase para revisar os resultados obtidos polas institucións receptoras dos fondos e comprobar a aplicación dos mesmos no reparto dos fondos asociados.

Esta Comisión terá como funcións:

- a) Efectuar o seguimento da aplicación do plan, encargando cantos estudos técnicos, auditorías, inspeccións... que estime oportunas.
- b) Resolver as dúbidas e controversias que puideran xurdir na aplicación e interpretación do contido do plan.



- c) Revisar anualmente os resultados obtidos en aplicación dos indicadores de resultados e os datos para o reparto do *Financiamento non condicionado*.
- d) Propor, á vista dos resultados obtidos, a revisión da estrutura do plan ou dos indicadores que sexan precisos para reflectir a consecución de obxectivos de xeito adecuado.
- e) Adaptar a aplicación do plan aos cambios na normativa xeral ou aos acordos que se adopten para o conxunto da Comunidade Autónoma ou do Estado, sempre que resulte pertinente.
- f) Calquera outra que se derive da execución e do espírito do plan.

E, en proba de aceptación, asinan de conformidade, comprometéndose a colaborar na plena e eficiente execución e desenvolvemento do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, segundo os principios de confianza lexítima, boa fe, lealdade institucional, transparencia e servizo á sociedade e ao interese xeral.

Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Julio García Comesaña

Conselleiro de Sanidade

José Ramón Lete Lasa

Secretario xeral para o Deporte

Julio Ernesto Abalde Alonso

Reitor da Universidade da Coruña

